

RESOLUCIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO

O Aeroporto de Vigo sufriu nos últimos anos un descenso continuado de tráfico, rutas e pasaxeiros que ten como resultado unha redución dun 41% dos pasaxeiros nos últimos 5 anos. En 2013 as proxeccións estatísticas estiman un número non superior aos 600.000 pasaxeiros, cifra que fai perigar o futuro do aeroporto e da economía viguesa.

Neste dato incide de forma significativa e fundamental a competencia desleal que esta a sufrir o aeroporto de Vigo, xa que o aeroporto de Santiago recibe axudas a voos por parte da Xunta de Galicia, o aeroporto de A Coruña por parte do concello ; o aeroporto de Porto recibe axudas do Goberno de Portugal mentres que o Aeroporto de Vigo non recibe ningunha axuda.

O Concello de Vigo, dando resposta ao sentir cidadán, ven mantendo nos últimos meses reunións e contactos con compañías aéreas tales como GRUPO IBERIA, AIR NOSTRUM, VUELING, VOLOTEA, AIR EUROPA ou AIR FRANCE para desenvolver propostas de colaboración que permitan a recuperación de tráfico e pasaxeiros no aeroporto e a promoción da cidade turística e economicamente.

Como resultado das accións ata a data desenvoltas, na ruta Vigo - Madrid conseguíuse recuperar a operativa con avións a reacción por parte de Air Europa a partir do mes de setembro, así como, un aumento nos horarios, frecuencias e nun 8% nas prazas, ofertadas por Iberia Express.

Tendo en conta o anteriormente exposto do cal se da debida conta no informe que se xunta o pleno do Concello de Vigo acorda o desenvolvemento das seguintes iniciativas:

1. Implantar, recuperar e potenciar as distintas rutas do Aeroporto de Vigo nos seguintes termos:

- a) Potenciación da ruta Vigo - Madrid mellorando os horarios e ampliando as frecuencias por medio do diálogo activo e continuado coas compañías aéreas Iberia Express e Air Europa.
- b) Potenciación a ruta Vigo - Barcelona, mellorando os horarios e ampliando as frecuencias mediante a negociación coa actual operadora da mesma, Vueling Airlines, cun orzamento máximo de 250.000,00€.
- c) Implantación de voos transversais dende o Aeroporto de Vigo acordando coa compañía VOLOTEA a implantación progresiva de rutas a Sevilla, Valencia, Alacante, Málaga, Bilbao, Palma de Mallorca, Ibiza, Menorca e Illas Canarias no período 2014-

2017 con axudas decrecentes en relación ó número de prazas ofertadas que finalizarán no ano 2017.

As achegas a VOLOTEA articularanse de acordo co seguinte calendario:

2013	2014	2015	2016	2017
300.000,00€	700.000,00€	1.000.000,00€	1.000.000,00€	1.000.000,00€

Estas cantidades deberán figurar nos orzamentos do Concello de Vigo desde 2013 (mediante modificación orzamentaria) ata 2017.

- d) Potenciación da ruta a París por medio da mellora de frecuencias e horarios a través do diálogo activo con Air France.
- e) Recuperación da ruta Vigo - Londres, iniciando de forma inminente, contactos con diversas compañías aéreas destinando un orzamento máximo de 500.000,00€ ás axudas á súa posta en marcha.
- f) Recuperación da ruta Vigo - Bruxelas así como a súa declaración, por parte do Ministerio de Fomento, como Obriga de Servizo Público.
- g) Implantación, no medio prazo, dunha ruta Vigo - Múnic que garanta a conectividade da cidade co mercado Alemán.

2. O financiamento das accións acordadas se realizará en base aos seguintes principios:

- a) A Xunta de Galicia achegará 2 millóns de euros á promoción do Aeroporto de Vigo, cantidade equivalente a achegada en 2012 e 2013 ao aeroporto de Santiago. No ano 2014 e seguintes dedicará a mesma cantidade que destine ao resto dos aeroportos galegos.
- b) O custe remanente das necesidades de financiamento satisfarase nun 50% pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo.
- c) En todo caso o Concello de Vigo aceptaría unha política baseada na inexistencia de axudas directas ou indirectas a ningunha compañía aérea nin aeroporto por parte de institución algunha sempre e cando se resarza ao aeroporto de Vigo do diferencial de axudas non recibidas nos anos 2012 e 2013.